



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXIX Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

3-24 de xullo de 2017

INTRODUCCIÓN

Correspondencias dos niveis dos cursos de verán para persoas de fóra de Galicia de lingua e cultura galegas cos niveis do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)

O MCERL é o documento de referencia empregado en Europa que proporciona unha base común para a elaboración de programas curriculares, exames, manuais etc. porque describe, de xeito global, os coñecementos que debe manexar o estudiantado dunha determinada lingua para poder comunicarse e desenvolverse de forma eficaz no contexto sociocultural onde se sitúa a lingua en cuestión. Define os niveis de dominio da lingua que permiten comprobar o progreso dos alumnos en cada fase da súa aprendizaxe.

Aquí imos intentar establecer unha posible correspondencia entre os obxectivos e os contidos dos niveis de competencia comunicativa dos cursos de verán para estranxeiros de lingua e cultura de Galicia cos establece o Consello de Europa no Marco europeo común de referencia, así como uns criterios de avaliación acordes cos descritos pola Association of Language Testers in Europe (ALTE).

En Galicia xa contamos cun sistema CELGA que serve para certificar para establecer e medir a competencia de non galegofalantes (estranxeiros de diversos países, inmigrantes en Galicia de distinta procedencia lingüística, galegos de distintas xeracións no exterior, etc.), pero tamén para certificar a competencia lingüística de cidadáns galegos que mesmo poden ser usuarios habituais deste idioma. Polo tanto, a obtención do título destes cursos de verán non é homologable aos niveis dos Celga nin aos das escolas oficiais de idiomas, pois son moi poucas horas de formación, pero a nosa intención é que o método de aprendizaxe sexa parello, o método comunicativo, e que as destrezas e habilidades que adquiran os alumnos sexan semellantes aos dos respectivos niveis europeos, coas adaptacións que require o contexto no que se imparten e a diversidade de candidatos aos que pretende atender.

Pártese dunha presentación moi breve do nivel en cuestión, para continuar despois co detalle das habilidades nas que se debe reflectir esa competencia e cos contidos de distinto tipo nos que se deben apoiar. As habilidades fan referencia ás capacidades comunicativas que o aprendiz debe demostrar en cada chanzo da adquisición idiomática; é dicir, a aquelas tarefas e interaccións sociais que debe ser quen de desenvolver a través da lingua galega nas catro dimensións convencionais na aprendizaxe de calquera idioma: a comprensión oral ou auditiva, a comprensión escrita ou de lectura, a interacción e expresión oral e a interacción e expresión escrita.

O obxectivo final deste enfoque comunicativo consiste en ensinar un código (soporte lingüístico e normativo), que xunto cuns coñecementos sociais e culturais relacionados con Galicia e cos galegos, lle permita ao alumnado desenvolver unhas habilidades comunicativas



GALEGO SEN FRONTEIRAS
XXIX Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas
3-24 de xullo de 2017

en distintos ámbitos e situacións do quefacer cotián, desde os privados e informais, aos públicos e formais.

| Cursos de verán para estranxeiros de lingua e cultura de Galicia | Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL) | | | CELGA | ALTE |
|--|---|-----------------|-------------------------|----------------|---------|
| | Nivel elemental | A1 | Nivel inicial ou básico | Usuario básico | |
| A2 | | Nivel elemental | Celga 1 | | level 1 |
| Nivel medio | B1 | Nivel soleira | Usuario independente | Celga 2 | level 2 |
| | B2 | Nivel avanzado | | Celga 3 | level 3 |
| Nivel superior | C1 | Nivel autonomía | Usuario competente | Celga 4 | level 4 |
| | C2 | Nivel maestría | | Celga 5 | level 5 |